



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Didáctica da lingua castelán	Código	652G01018	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es	
Profesorado	Cano López, Pablo	Correo electrónico	pablo.cano@udc.es	
Web	www.educacion.udc.es/doc_profesor.php?id=203			
Descrición xeral	<p>Didáctica da lingua castelá (cód. 652G01018) é unha materia obrigatoria do 2º curso do Grao en Educación Infantil. En colaboración con Didáctica da lingua galega (cód. 652G01015), pretende capacitar o/a futuro/a docente para que, cando exerza, poida cumprir os obxectivos formativos propios da área de coñecemento «Comunicación e representación da realidade» (a primeira das tres en que se articula o currículo da etapa).</p> <p>Non fai falla ponderar a importancia que a Didáctica da Lingua reviste para quen aspira á docencia. Abondará con advertir que é proporcional á que para o/a neno/a encerra o pleno desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas. Nacida como instrumento para a exteriorización das necesidades do organismo, a linguaxe transfórmase en chave dun mundo intelectual que se superpón ao mundo material no que asentamos os nosos pés. Os humanos non vivimos soamente no universo físico, senón tamén, como dixo o filósofo Ernst Cassirer, nun universo simbólico. O noso medio ambiente non está constituído de xeito exclusivo por obxectos naturais, senón tamén por obxectos culturais ?se así se pode dicir? que «viven» na palabra e aos que só podemos acceder por medio da palabra: os costumes, as leis, os mitos, as lendas, os saberes científicos... De non ser pola conquista da linguaxe (oral ou signada, primeiro; escrita, despois), o/a neno/a viviría nun perpetuo desterro, á marxe de todas esas dimensións (especificamente humanas) da realidade. O/a docente debe, como é obvio, acompañalo na súa loita; debe ser para el/ela un modelo e un acicate. Ora ben, non pode cumprir ese papel se carece da formación necesaria; de aí que a presenza da glotodidáctica nos estudos de Maxisterio sexa unha necesidade universalmente recoñecida.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Adquirir as ferramentas conceptuais necesarias para describir tanto os produtos da actividade verbal (é dicir, os textos) como as habilidades que subxacen a toda manifestación de dita actividade (é dicir, as competencias «gramatical», «sociolingüística», «discursiva» e «estratéxica»).	A42 A49	B16 B20 B21	
Coñecer as liñas mestras do proceso de adquisición da primeira lingua, prestando especial atención ás fases que se desenvolven entre o nacemento e os tres anos de idade (momento en que adoita producirse a incorporacións dos/as nenos/as aos colexios, e que coincide con inicio do segundo ciclo da Educación Infantil).	A2 A42 A48 A49 A52		



Coñecer os obxectivos que, segundo a lexislación sobre a Educación Infantil, corresponden á área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: ao primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á chamada linguaxe verbal).	A42 A43 A44 A46 A47 A49		
Coñecer algunhas das estratexias que cabe aplicar con vistas á consecución dos obxectivos da área de coñecemento ?Linguaxes: comunicación e representación? (mellor dito: do primeiro dos bloques en que se divide, correspondente á linguaxe verbal), reparando tamén nos atrancos que poden xurdir durante a súa utilización, e dexergando posibles vías de solución.	A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A50 A51	B15 B17 B19	
Ser quen a ler, comprender e resumir textos cuxo contido se relacione con calquera dos apartados do temario.		B10 B12 B19	C1
Ser quen a expoñer (oralmente ou por escrito, e sempre cunha linguaxe correcta, adecuada e precisa) unha opinión informada verbo de calquera das cuestións que se recollen no temario.	A44	B7 B10 B11 B12 B19	C1
Ser quen a utilizar criticamente as diversas fontes de información dispoñibles, dende as máis tradicionais (artigos de prensa ou de revistas científicas, libros de divulgación ou para especialistas, etc.) ata as máis recentes (bibliotecas dixitais, páxinas web institucionais ou de investigadores...)		B10 B11 B12 B25	C3 C6 C7 C8
Decatarse da necesidade de se expresar con propiedade, servíndose da variedade lingüística máis axeitada para cada tipo de situación.	A44 A46	B19	C1 C2
Decatarse de que tódalas linguas son igualmente valiosas como ferramentas para a expresión e a comunicación, de tal xeito que non poden ser xerarquizadas en función das súas propiedades estruturais.		B20 B21 B24	C2
Decatarse das responsabilidades que o/a docente de Educación Infantil ten verbo do desenvolvemento lingüístico do seu alumnado, e tomar conciencia dos compromisos que implican.		B6 B7 B15 B19	C6 C7

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



1. A COMPETENCIA COMUNICATIVA DURANTE A PRIMEIRA INFANCIA

1. Conceptos fundamentais
 - 1.1. Cooperación e comunicación
 - 1.1.1. Actos executivos vs. actos expresivos
 - 1.1.2. Unha tipoloxía dos medios de expresión
 - 1.2. A comunicación por medio da linguaxe
 - 1.2.1. Linguaxe como acto e produto (facer) vs. linguaxe como técnica (saber)
 - 1.2.2. A lingua, única técnica do falar?
 - 1.2.3. A competencia comunicativa
 - 1.2.3.1. Primeiro estrato: a competencia idiomática (ou lingüística)
 - 1.2.3.2. Segundo estrato: a competencia sociolingüística
 - 1.2.3.3. Terceiro estrato: a competencia discursiva
 - 1.2.3.4. Cuarto estrato: a competencia estratéxica
2. O proceso de adquisición da linguaxe
 - 2.1. A comunicación preverbal: xestos, miradas e escenas de atención conxunta
 - 2.2. O desenvolvemento da competencia idiomática
 - 2.2.1. A pronuncia
 - 2.2.2. O vocabulario
 - 2.2.3. As construcións
 - 2.3. O desenvolvemento da competencia sociolingüística
 - 2.4. O desenvolvemento da competencia discursiva
 - 2.4.1. Linguaxe contextualizada vs. linguaxe descontextualizada
 - 2.4.2. O coloquio oral
 - 2.4.2.1. A narración oral: xénese e perfeccionamento



TEMA II. AS HABILIDADES LINGÜÍSTICAS NO MEDIO ESCOLAR: LER E ESCRIBIR

1. A oralidade e a escritura
2. A linguaxe escrita: unha visión de conxunto
 - 2.1. A (pre)historia da comunicación gráfica: o tránsito desde o debuxo á escritura
 - 2.2. Caracteres xerais da comunicación escrita
 - 2.3. Ensaio de clasificación dos sistemas de escritura
 - 2.3.1. Sistemas logográficos
 - 2.3.2. Sistemas silabográficos
 - 2.3.2. Sistemas fonemográficos (ou alfabéticos)
 - 2.3.2.1. Alfabetos consonánticos
 - 2.3.2.2. Alfabetos completos
 - 2.3.3. Sistemas híbridos: os alfasilabarios
3. A escritura alfabética completa
 - 3.1. Claves para a aprendizaxe: a conciencia fonolóxica
 - 3.1.1. A conciencia silábica
 - 3.1.2. A conciencia fonémica
 - 3.2. Grafemas e fonemas
 - 3.3. Mecanismos de lectura: o modelo da dobre vía
 - 3.3.1. A vía subléxica (ou indirecta)
 - 3.3.2. A vía léxica (ou directa): o que é e o que non é
4. O ensino da lectura e a escritura: cando?, que?, como?
 - 4.1. O problema da madurez para a aprendizaxe
 - 4.2. Controversias metodolóxicas no ensino da lectura (e da escritura)
 - 4.2.1. Os métodos sintéticos
 - 4.2.1.1. Alfabéticos
 - 4.2.1.2. Fonémicos
 - 4.2.1.3. Silábicos
 - 4.2.2. Os métodos analíticos
 - 4.2.3. Os métodos globais
 - 4.2.3.1. Orixes: o método ideovisual
 - 4.2.3.2. Actualidade: a linguaxe integral e o enfoque construtivista
 - 4.4. Cuestións discutidas no ensino da escritura
 - 4.4.1. Por que ensinamos a escribir a man?
 - 4.4.2. Que modelos gráficos debemos proporlles aos aprendices?
 - 4.4.2.1. Letra con ou sen adornos?
 - 4.4.2.2. Letra vertical ou inclinada?
 - 4.4.2.3. Letra ligada ou de imprenta?

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A42 A46 A47 A48 A49 A52 B10	20	0	20
Lecturas	A2 A42 A46 A47 B11 B12 B16 B20 B21 C2 C3	0	33	33



Obradoiro	A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A51 B7 B10 B11 B17 B19 B24 C1 C3 C6 C8	20	33	53
Proba obxectiva	A42 A46 A47 B11 B12 B17 B19	2	0	2
Traballos tutelados	A42 A43 A44 A46 A47 A50 B6 B10 B11 B12 B15 B19 B25 C1 C2 C3 C6 C7 C8	0	40	40
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Nas sesións expositivas, o profesor tratará as cuestións consignadas no temario da materia (farao, por suposto, con maior ou menor detemento, segundo aconsellen as circunstancias). Durante as leccións, o alumnado deberá prestar atención e gardar silencio, mais cómpre deixar claro que «atención» e «silencio» non significan ?pasividade? e ?mutismo?. En moitas ocasións, o profesor reclamará insistentemente a participación do corpo estudantil, sexa chamándoo a facer preguntas, sexa pedíndolle respostas, sexa invitándoo a manifestar os seus pareceres sobre tal ou cal asunto.
Lecturas	Os apuntamentos ?refírome ás notas que o alumnado toma durante as sesións expositivas? son unha ferramenta de grande utilidade para o estudo. Con todo, é perigoso facer deles as únicas fontes de información, dado que, como se escriben con apuramento, poden adoecer de imperfeccións formais e de erros de contido. Para evitar que o alumnado dependa deles en exceso, o profesor proporcionará documentos que desenvolvan os puntos máis salientables dos diferentes bloques temáticos da materia. Algúns deses textos, escritos polo propio docente, poñeranse en circulación a través das plataformas Moodle e/ou Teams. Outros, extraídos de obras publicadas en data recente (e suxeitas a dereitos de autor), depositaranse no servizo de reprografía da Facultade.
Obradoiro	Na maior parte das sesións interactivas, o profesor demandará a participación do alumnado en actividades de diversa índole: debates, exercicios de solución de problemas, exercicios de comentario de texto etc. Esas tarefas responderán sempre a unha dupla finalidade: por unha banda, comprobar se os/as estudantes van incorporando á súa bagaxe intelectual as nocións teóricas presentadas nas sesións expositivas; por outra banda, convidalos/as a explorar a proxección desas ideas no eido da práctica docente.
Proba obxectiva	O propósito desta proba é verificar a asimilación dos contidos presentados nas sesións maxistras e nos textos de lectura obrigatoria. Para responder ás preguntas (que en ningún caso serán máis de trinta), o alumnado terá que desprezar todos os coñecementos que atesoura na memoria, mais tamén a súa capacidade de relacionalos entre si e de aplicalos á análise de situacións concretas.
Traballos tutelados	Os/as alumnos/as, organizados/as en grupos de dimensións reducidas, levarán a cabo un traballo breve, consistente na resolución dun problema, de carácter teórico ou práctico, relacionado con algún dos puntos do temario. No primeiro mes lectivo forneceranse pautas e directrices para a confección do traballo, que farán referencia a aspectos de contido e de forma. Axustarse ás instrucións non será unha opción, senón unha obriga. O seu incumprimento terá consecuencias graves a efectos de cualificación.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	Durante o horario de titorías, o profesor encontrárase no seu despacho, disposto a responder calquera pregunta verbo dos contidos teóricos da materia, da marcha das sesións interactivas, do proceso de avaliación, etc. Cómpre advertir, porén, que o diálogo co profesor non é unha obriga, senón un dereito: a porta do despacho está aberta, mais é o/a estudante quen debe petar (por propia vontade e iniciativa).
---------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A49 A51 B7 B10 B11 B17 B19 B24 C1 C3 C6 C8	As tarefas que se desenvolvan nas horas lectivas suporán un 10 % da cualificación; con outras palabras: a súa realización (e maila súa entrega, cando for o caso) achegará un punto como máximo.	10
Traballos tutelados	A42 A43 A44 A46 A47 A50 B6 B10 B11 B12 B15 B19 B25 C1 C2 C3 C6 C7 C8	Esta actividade, que será grupal, suporá un 30 % da cualificación; con outras palabras: achegará un máximo de 3 puntos. Dúas advertencias: a) os grupos serán de dimensións reducidas (catro membros como máximo); b) non poderá superar a materia quen ficar por debaixo dos 1,5 puntos.	30
Proba obxectiva	A42 A46 A47 B11 B12 B17 B19	Esta actividade suporá un 60 % da cualificación; con outras palabras: achegará un máximo de 6 puntos. Unha advertencia: non poderá superar a materia quen ficar por debaixo dos 3 puntos (a metade exacta dos que están en xogo).	60

Observacións avaliación
O plaxio castigarase coa máxima severidade: un único caso de corta-e-pega abondará para que un traballo reciba a cualificación de cero. Os/as estudantes que non superen a materia en maio-xuño poderán facelo en xullo, baixo as seguintes condicións: se na proba obxectiva ficaron por debaixo de 3 puntos, deberán enfrontarse novamente a ela; se no traballo obtiveron menos de 1,5 puntos, terán que repetilo. Conservaráselles, iso si, a puntuación que acadasen a través da participación nas actividades desenvolvidas nas sesións interactivas e expositivas. Aos/ás estudantes con dispensa aplicaráselles un procedemento de avaliación «extraordinario»: no seu caso, o traballo tutelado suporá o 40 % da cualificación final, e o 60 % virá dado, obviamente, pola proba obxectiva.

Fontes de información



Bibliografía básica

1. Elementos de lingüística xeral Alarcos Llorach, E. (1971). Lingüística estrutural y funcional. En R. Lapesa (Coord.), Comunicación y lenguaje (pp. 47-61). Madrid: Karpos. Alarcos Llorach, E. (1977). Metodología estrutural y funcional en lingüística. Revista Española de Lingüística, 7(2), pp. 1-16. Cenoz Irigui, Jasone (2008). El concepto de competencia comunicativa. En J. Sánchez Lobato e I. Santos Gargallo (Coords.), Vademécum para la formación de profesores. Enseñar español como segunda lingua / lingua extranjera (pp. 449-465). Madrid: Sociedad General Española de Librería.
2. Adquisición da primeira lingua Aparici Aznar, M. e Igualada, A. (Eds.) (2018). El desarrollo del lenguaje y la comunicación en la infancia. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. Berko Gleason, J. e Bernstein Ratner, N. (1999): La adquisición del lenguaje. En J. Berko Gleason e N. Bernstein Ratner (Coords.), Psicolingüística (A. M.ª Esquinas Rychen, Trad.) (pp. 369-432). Madrid: McGraw-Hill. Berko Gleason, J. e Bernstein Ratner, N. (Coords.). El desarrollo del lenguaje (Y. Moreno López, Trad.). Madrid: Pearson.
3. Enseñanza de la lingua y la literatura
3. 1. Marco legal Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. [Consultable en liña: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2006/05/03/2/con>] Real Decreto 1630/2006, de 29 de diciembre, por el que se establecen las enseñanzas mínimas del segundo ciclo de Educación Infantil. [Consultable en liña: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2006/12/29/1630>] Lexislación da Educación Infantil en Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2009. [Consultable en liña: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2643.pdf>] Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa. [Consultable en liña: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2013/12/09/8>] Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación. [Consultable en liña: <https://www.boe.es/eli/es/lo/2020/12/29/3>] Real Decreto 95/2022, de 1 de febrero, por el que se establece la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Infantil. [Consultable en liña: <https://www.boe.es/eli/es/rd/2022/02/01/95>] Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. [Consultable en liña: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220909/AnuncioG0655-080922-3_gl.pdf]
3. 2. Obras generales (compendios, manuales y tratados) Andreu Barrachina, Ll. (2018). La enseñanza del lenguaje en la escuela. Lengua oral, lectura y escritura. Barcelona: Universitat Oberta de Catalunya. Bigas, M. e Correig, M. (Eds.) (2007). Didáctica de la lingua en la educación infantil. Madrid: Síntesis. Fons Esteve, M. e Palou Sangrà, J. (Coords.) (2016). Didáctica de la lingua y la literatura en Educación Infantil. Madrid: Síntesis. Guerrero Ruiz, P. e Caro Valverde, M.ª T. (Coords.) (2015): Didáctica de la lingua y educación literaria. Madrid: Pirámide. Mata Anaya, J., Núñez Delgado, M.ª P. e Rienda Polo, J. (Coords.) (2015). Didáctica de la lingua y la literatura. Madrid: Pirámide. Mendoza Fillola, A. (Coord.) (1998). Conceptos clave en didáctica de la lingua y la literatura. Barcelona: S. E. D. L. L. / UB ? I. C. E. / HORSORI. Mendoza Fillola, A. (Coord.) (2003). Didáctica de la lingua y la literatura para Educación Primaria. Madrid: Pearson Educación. Prado Aragonés, J. (2011). Didáctica de la lingua y la literatura para educar en el siglo XXI (2.ª ed.). Madrid: La Muralla.
3. 3. Lectoescritura Clemente Linuesa, M.ª (2004). Lectura y cultura escrita. Madrid: Morata. Clemente Linuesa, M.ª (2008). Enseñar a leer: bases teóricas y propuestas prácticas. Madrid: Pirámide. González Manjón, D. (2015). El proceso de convertirse en lector. Perspectivas actuales sobre el aprendizaje inicial de la lectura. En J. Mata Anaya, M.ª P. Núñez Delgado y J. Rienda Polo (Coords.), Didáctica de la lingua y la literatura (pp. 45-72). Madrid: Pirámide. Guerrero Ruiz, P. (2015). Lengua escrita: iniciación a la lectoescritura. En P. Guerrero Ruiz e M.ª T. Caro Valverde (Coords.), Didáctica de la lingua y educación literaria (pp. 159-165). Madrid: Pirámide. Guzmán Simón, F., Navarro Pablo, M. e García Jiménez, E. (2015). Escritura y lectura en Educación Infantil. Madrid: Pirámide. Morais, J. (1998): El arte de leer (S. Defior Citoler, Trad.). Madrid: Visor. Morais, J. C. e Adrián Torres, J. A. (2015). Hacer buenos lectores. La enseñanza de la lectura: breve guía para educadores. Málaga: Aljibe. Ripoll, J. C. e Aguado, G. (2015). Enseñar a leer. Cómo hacer lectores competentes. Madrid: EOS. Suárez Yáñez, A. (2000). Iniciación escolar a la escritura y la lectura. Madrid: Pirámide.
4. Lingua española Alarcos Llorach, E. (1994). Gramática de la lingua española. Madrid: Espasa. Seco, M. (1992). Diccionario de dudas y dificultades de la lingua española (9.ª ed.). Madrid: Espasa. Seco, M. (1994). Gramática esencial del español: introducción al estudio de la lingua (4.ª ed.). Madrid: Espasa. Real Academia Española (2014). Diccionario de la lingua española (23.ª ed.). Madrid: Espasa. [Consultable en liña: <http://www.rae.es/dle/>] Real Academia Española (2018). Libro de estilo de la lingua española. Madrid: Espasa. Real Academia Española e Asociación de Academias de la lingua española (2005). Diccionario panhispánico de dudas. Madrid: Santillana. [Consultable en liña: <http://www.rae.es/dpd/>] Real Academia Española e Asociación de Academias de la Lingua Española (2011). Nueva gramática básica de la lingua española.

Madrid: Espasa.Real Academia Española e Asociación de Academias de la Lengua Española (2012). Ortografía básica de la lengua española. Madrid: Espasa.Real Academia Española e Asociación de Academias de la Lengua Española (2013a). Ortografía escolar de la lengua española. Madrid: Espasa.Real Academia Española e Asociación de Academias de la Lengua Española (2013b). El buen uso del español. Madrid: Espasa.



Bibliografía complementaria

1. Elementos de lingüística xeral Alcaraz Varó, E. e Martínez Linares, M.^a A. (1997). Diccionario de lingüística moderna. Barcelona: Ariel. Bernárdez, E. (2004). ¿Qué son las lenguas? (2.^a ed.). Madrid: Alianza Editorial. Cardona, G. R. (1991). Diccionario de lingüística (M.^a T. Cabello, Trad.). Barcelona: Ariel. Coseriu, E. (1981). Lecciones de lingüística general (J. M.^a Azáceta e García de Albeniz, Trad.). Madrid: Gredos. Coseriu, E. (1986). Introducción a la lingüística (2.^a ed.). Madrid: Gredos. López, Á. e Gallardo, B. (Eds.) (2005). Conocimiento y lenguaje. València: Universitat de València. Lyons, J. (1993). Introducción al lenguaje y a la lingüística (R. Cerdá, Trad.). Barcelona: Teide. Martinet, A. (1968). Elementos de lingüística general (J. Calonge Ruiz, Trad.). Madrid: Gredos. Moreno Cabrera, J. C. (2000). La dignidad e igualdad de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística. Madrid: Alianza Editorial. Richards, Jack C. et alii (1997). Diccionario de lingüística aplicada y enseñanza de lenguas (C. Muñoz Lahoz e C. Pérez Vidal, Trans.). Barcelona: Ariel. 2. Adquisición da primeira lingua Abdelilah-Bauer, B. (2007). El desafío del bilingüismo (P. Manzano, Trad.). Madrid: M. E. C. / Morata. Bruner, J. (1986). El habla del niño: aprendiendo a usar el lenguaje (R. Premat, Trad.). Barcelona: Paidós. Karmiloff, K. e Karmiloff-Smith, A. (2005). Hacia el lenguaje: del feto al adolescente (P. Manzano, Trad.). Madrid: Morata. Lenneberg, E. H. e Lenneberg, E. (Comps.) (1982). Fundamentos del desarrollo del lenguaje (P. Soto et alii, Trad.). Madrid: Alianza Editorial. Narbona, J. e Chevie-Muller, C. (Eds.) (2001). El lenguaje del niño: desarrollo normal, evaluación y trastornos (2.^a ed.). Barcelona: Masson. O'Grady, W. (2010). Cómo aprenden los niños el lenguaje (A. Benítez Burraco, Trad.). Madrid: Akal. Puyuelo Sanclemente, M. e Rondal J.-A. (Eds.) (2003). Manual de desarrollo y alteraciones del lenguaje: aspectos evolutivos y patología en el niño y el adulto. Barcelona: Masson. Serra, M. et alii (2000). La adquisición del lenguaje. Barcelona: Ariel. 3. Ensinanza da lingua e a literatura 3. 1. Obras xerais (compendios, manuais e tratados) Bravo-Villasante, C. (1972). Historia de la literatura infantil española. Madrid: Doncel. Cassany, D. et alii (1994). Enseñar lengua. Barcelona: Graó. Colomer, T. (2010). Introducción a la literatura infantil y juvenil actual (2.^a ed.). Madrid: Síntesis. Durán, C. et alii (2009). La palabra compartida: la competencia comunicativa en el aula. Barcelona: Octaedro. Garralón, A. (2001). Historia portátil de la literatura infantil. Madrid: Anaya. González Nieto, L. (2001). Teoría lingüística y enseñanza de la lengua: lingüística para profesores. Madrid: Cátedra. López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2001). El desarrollo de habilidades lingüísticas: una perspectiva crítica. Granada: Grupo Editorial Universitario. López Valero, A. e Encabo Fernández, E. (2002). Introducción a la didáctica de la lengua y la literatura: un enfoque sociocrítico. Barcelona: Octaedro. Lomas, C. (1999). Cómo enseñar a hacer cosas con las palabras: teoría y práctica de la educación lingüística (2.^a ed.). Barcelona: Paidós. Lomas, C. e Osoro, A. (Comps.) (1993). El enfoque comunicativo en la enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós. Lomas, C. et alii (1993). Ciencias del lenguaje, competencia comunicativa y enseñanza de la lengua. Barcelona: Paidós. Martín Vegas, R. A. (2009). Manual de didáctica de la lengua y la literatura. Madrid: Síntesis. Mendoza Fillola, A. et alii (1996). Didáctica de la lengua para la Enseñanza Primaria y Secundaria. Madrid: Akal. Pérez Esteve, P. e Zayas, F. (2007). Competencia en comunicación lingüística. Madrid: Alianza Editorial. Ruiz Campos, A. M. (2000). Literatura infantil: introducción a su teoría y su práctica. Alcalá de Guadaíra: Guadalmena. Serrano, J. e Martínez, J. E. (Coords.) (1997). Didáctica de la lengua y la literatura. Barcelona: Oikos-Tau. Unamuno, V. (2003). Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Barcelona: Graó. 3. 2. Lectoescritura Condemarin, M. e Chadwick, M. (1990). La enseñanza de la escritura: bases teóricas y prácticas. Madrid: Visor. Correig, M. (2007). ¿Qué es leer? ¿Qué es escribir? En M. Bigas e M. Correig (Eds.), Didáctica de la lengua en la educación infantil (pp. 125-155). Madrid: Síntesis. Cuetos, Fernando (2009). Psicología de la escritura (8.^a ed.). Madrid: Wolters Kluwer. Cuetos, Fernando (2010). Psicología de la lectura (8.^a ed.). Madrid: Wolters Kluwer. Domínguez Chillón, G. e Barrio Valencia, J. L. (1997). Los primeros pasos hacia el lenguaje escrito: una mirada al aula, Madrid: La Muralla. Escoriza Nieto, J. e Boj Barberán, C. (1997). Psicopedagogía de la escritura. Barcelona: Llibreria Universitaria. Ferreiro, E. e Teberosky, A. (1979). Los sistemas de escritura en el desarrollo del niño. Madrid: Siglo XXI. Graves, D. H. (1991). Didáctica de la escritura (P. Manzano, Trad.). Madrid: M. E. C. / Morata. Harris, M. e Hatano, G. (Eds.) (1999). Learning to read and write: a cross-linguistic perspective. Cambridge, U. K.: Cambridge University Press. Lacasa, Pilar et alii (1995). Leer y escribir, ¿cómo lograrlo desde la perspectiva del lenguaje integrado. CL & E: comunicación, lenguaje y educación, 25, pp. 31-50. Lebrero Baena, M.^a P. e Lebrero Baena, M.^a T. (1988). Cómo y cuándo enseñar a leer y escribir. Madrid: Síntesis. Lebrero Baena, M.^a P. (Coord.) (1990). La enseñanza de la lectoescritura: problemas y metodología. Madrid: Escuela Española. Pressley, M. (1999). Cómo enseñar a leer (D. Menezos, Trad.). Barcelona: Paidós. Sánchez Miguel, E. (1996). El todo y las partes: una crítica a las propuestas del lenguaje integrado. Cultura y Educación, 1, pp. 39-54. Teberosky, A. (1993).



Aprendiendo a escribir. Barcelona: Horsori. Vieiro Iglesias, P. (2007). Psicopedagogía de la escritura. Madrid: Pirámide. Vieiro Iglesias, P. e Gómez Veiga, I. (2004). Psicología de la lectura. Madrid: Pearson Prentice Hall. Wells, G. (1988). Aprender a leer y escribir (C. Milla Soler, Trad.). Barcelona: Laia. 4. Lingua española Asociación de Academias de la Lengua Española (2010a). Nueva gramática de la lengua española: manual. Madrid: Espasa. Asociación de Academias de la Lengua Española (2010b). Ortografía de la lengua española. Madrid: Espasa. Gómez Torrego, L. (2009). Hablar y escribir correctamente: gramática normativa del español actual (3.ª ed.). Madrid: Arco Libros. Lapesa, R. (1981). Historia de la lengua española (9ª ed.). Madrid: Gredos. Moliner, M. (2007). Diccionario de uso del español (3.ª ed.). Madrid: Gredos. Montolío, E. et alii (2000). Manual práctico de escritura académica, Barcelona: Ariel. Seco, M. et alii (1999). Diccionario del español actual. Madrid: Aguilar. Seco, M. et alii (2000). Diccionario abreviado del español actual, Madrid: Aguilar. Real Academia Española (1973): Esbozo de una nueva gramática de la lengua española, Madrid: Espasa-Calpe.



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Didáctica da lingua galega/652G01015
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Didáctica da lingua estranxeira/652G01026 Literatura infantil e a súa didáctica/652G01024
Observacións



- A entrega dos traballos farase, por defecto, de xeito telemático. De non ser posible, entregaranse impresos a dobre cara en papel reciclado, e evitárase o uso de materiais plásticos na encadernación. Como docentes (en acto ou en potencia), debemos tomar conciencia da necesidade de minimizar os impactos negativos sobre o medio natural, e o aforro de recursos é, obviamente, un dos medios principais para o logro deste obxectivo.-

Malia estaren implícitas no

enunciado das competencias da materia, cómpre facer algunhas advertencias: Os erros na

grafía das palabras, o desleixo no emprego dos signos de puntuación, a carencia

das ferramentas léxicas e gramaticais necesarias para se elevar por riba do

estilo conversacional, a incapacidade de artellar textos extensos sen fallas de

cohesión e da coherencia, etc., son defectos nos que o alumnado universitario non debería incurrir. Cómpre, pois, penalizalos con rigor. Entre as

habilidades que o estudiantado universitario debe adquirir, ocupa unha posición destacada a de recoller a información con bo

siso e empregala con honradez: Cando digo que o/a estudante debe recoller a información con bo siso, quero dicir que debe recollela selectivamente.

Entre a morea de fontes de información que Internet lle brinda, debe saber elixir as de

augas máis limpas e afastarse das pozas lamacentas (Buenas tareas, El

rincón del vago, Wuolah...) . Así mesmo, debe ser quen a explorar e utilizar os fondos

biblio- e hemerográficos da Biblioteca Universitaria. Cando digo que o/a estudante debe empregar información con

honradez, quero dicir que debe declarar abertamente todas as súas débedas intelectuais. Quen

reproduce palabras alleas está obrigado a indicar onde as atopou e quen as

escribiu. A infracción desta norma será castigada con dureza: un só caso de corta-e-pegar nun traballo supón un suspenso inmediato (coa

cualificación de 0 puntos). Obviamente, tamén peca contra a honradez quen delega as tarefas de documentación e redacción en ferramentas como

ChatGPT ou Bing: os traballos ¿permitídemme que vos recorde algo que ninguén ignora? deben ser obra das persoas cuxo nome figura na portada.- O

idioma vehicular

da materia Didáctica da lingua castelá

será, por suposto, o castelán. Se esta guía docente se escribe en galego, é

consonte as prescricións do Regulamento

de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, cuxo artigo 2.4 reza: Os centros e departamentos da Universidade da Coruña, da mesma maneira que

as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o

galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades

institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para

os taboleiros de anuncios, os programas das materias, etc., redactaranse en

galego.- De acordo coas recomendacións da Oficina de Igualdade de Xénero da UDC (<https://www.udc.es/es/oficinaigualdade/>), procurarase que a

materia contribúa a que todas as partes implicadas (profesorado e alumnado) tomen conciencia dos seus posibles prexuízos sexistas e traten de

liberarse deles. Ese compromiso levaranos, p. ex., a pór de relevo as achegas das investigadorAS aos campos de estudo que cultivamos; non será

difícil, posto que son moitos os nomes de muller que poden e deben figurar nunha historia da Psicolingüística e da Didáctica da

Lingua: Dorothea McCarthy, Jean Berko, Uta Frith, Linnea C. Ehri, Berta P. de Braslavsky, Emilia Ferreiro, Ana Teberosky... Ao mesmo tempo,

porén, evitárase o pernicioso erro de supor que as disciplinas académicas máis ou menos vinculadas cos cuidados son especificamente femininas (e,

por tanto, incompatibles coa masculinidade). Por outra banda, ao abordar o desenvolvemento lingüístico na infancia (obxecto do primeiro tema da

materia), non se agocharán as diferenzas de ritmo entre nenos e nenas, cuxa realidade está fóra de discusión entre os/as investigadores/as. Porque

todos somos seres humanos, chegamos todos ao mesmo lugar; porque somos homes ou mulleres, facémolo por camiños parcialmente diferentes.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías